

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 3489/2020. Aprobación das bases do Programa F0204/2020

Por resolución do presidente da Deputación núm. 3489, do 31 de xaneiro de 2020, aprobáronse as Bases reguladoras do programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar investimentos culturais durante o ano 2020, que se transcriben deseguido:

#### PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA REALIZAR INVESTIMENTOS CULTURAIS DURANTE O ANO 2020

##### Datos do programa

Denominación:	Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar investimentos culturais durante o ano 2020
Referencia:	F0204/2020
Aplicación orzamentaria:	0612/3339/781 - Importe 300.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos:	Mínimo 3.000 €
Importe da subvención que se ha conceder:	Mínimo 1.500 € Máximo en función da modalidade: A. Entidades de natureza cultural: 30.000 € B. Entidades de natureza veciñal: 10.000 € C. Entidades de natureza socioeducativa: 10.000 € D. Entidades de natureza social e/ou asistencial: 20.000 €
Importe solicitado:	Ata o 80% do orzamento de gastos subvencionable.
Coefficiente de financiamento:	Variable entre 0,20 e 0,80

##### Base 1.-Liñas xerais.

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades privadas da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

Polo que se refire ao tipo de tramitación, as subvencións da presente convocatoria tramitaranse de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTeL).

A tramitación telemática aplicaráselle a todas as fases do procedemento (solicitud, concesión e xustificación) e incluíranse en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación e máis os envíos de documentación que fosen necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas notificaránselle ás entidades interesadas as resolucións e actos administrativos que lle afecten os seus dereitos e intereses.

A resolución da solicitud de subvención, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da indicada Lei 39/2015, notificarase mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Deputación, á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións administrativas.

##### Base 2.-Réxime xurídico.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña do 1 de febreiro de 2019, BOP 72, do 15 de abril de 2019.

Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento de 2020 da Deputación da Coruña.

Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro do 2015; BOP 56, do 23 de marzo de 2016.

Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017; BOP núm. 186, do 29 de setembro de 2017.

### Base 3.-Obxecto.

As axudas económicas obxecto deste programa destinaranse á realización de investimentos necesarios para a realización de actividades culturais non excluídas dentro da convocatoria de actividades culturais FO203/2020, por parte das entidades sen ánimo de lucro que forman parte dos ámbitos correspondentes ás seguintes modalidades:

**MODALIDADE A. Entidades de natureza cultural** (asociacións culturais e entidades que teñan o seu carácter cultural debidamente acreditado nos seus estatutos).

**MODALIDADE B. Entidades de natureza veciñal** (asociacións de veciñas e veciños, asociacións xuvenís, de amas de casa, da terceira idade, asociacións de mulleres rurais...).

**MODALIDADE C. Entidades de natureza socioeducativa** (ANPAS de centros educativos do ensino público, asociacións pedagóxicas, etc.).

**MODALIDADE D. Entidades de natureza social e/ou asistencial** (entidades que realizan o seu labor de xeito prioritario no campo dos servizos sociais, o medio ambiente, a igualdade, a memoria histórica, a sensibilización e traballo en valores cívicos e o desenvolvemento territorial e socioeconómico).

As entidades indicarán na súa solicitude de cal das catro modalidades forman parte. O Servizo de Cultura da Deputación procederá, caso de detectar escollas erróneas de modalidade por parte das entidades, á súa corrección e adscrición á modalidade axeitada.

#### 3.1.-Gastos subvencionables neste programa:

- Equipamentos e moblaxe.
- Realización de reformas, ampliación e mellora de inmobles de titularidade da entidade solicitante.
- Compra de materiais de uso técnico e artístico vinculados ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade.

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPEL (*)
211	Construcións
216	Mobiliario
217	Equipos para proceso de información
219	Outro inmovilizado material (materiais de uso técnico e artístico)

\* Resolución do 26/03/2013, do Plan de contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.

#### 3.2. Ámbito temporal.

Os gastos que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán os que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de decembro de 2020. Os xustificantes de gasto deberán ser emitidos nas datas sinaladas na base 9.3.2.

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar a prórroga da súa xustificación previa petición razoada. A solicitude de prórroga poderá presentarse ata o 15 de decembro de 2020 ás 14.00 horas.

Concedida a prórroga, na certificación de gastos realizados poderán incluírse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2020, con data límite do 15 de abril de 2021.

#### **Base 4.-Compatibilidades e exclusións.**

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As entidades que opten por este programa poderán tamén obter subvención nos seguintes programas:

FO203: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar actividades culturais durante o ano 2020.

FO223: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña durante o ano 2020.

#### **Entidades excluídas:**

- As entidades titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas e as fundacións da provincia da Coruña (que teñen o programa específico FO200), as corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña (que teñen o programa específico FO214). Igualmente quedan excluídas as ANPAS de centros educativos privados.
- Os colexios profesionais.
- Persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

#### **Investimentos ou gastos excluídos:**

- Aqueles investimentos que non se correspondan cun proxecto de actividade de carácter cultural, que terá que ser detallado na memoria.
- A adquisición ou construción de novos locais.
- A adquisición de vehículos de transporte.
- Os equipamentos destinados a cafeterías, bufetes ou similares do local social.
- Os investimentos deportivos e de tempo libre, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.
- Os investimentos no patrimonio arquitectónico.

#### **Base 5.-Entidades solicitantes.**

- A presente convocatoria vai dirixida a entidades sen ánimo de lucro, con domicilio fiscal na provincia da Coruña e que cumpran os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

#### **Base 6.-Requisitos e obrigas das entidades.**

6.1.-Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións.

Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Deberán dispoñer de certificado dixital:

- Quen ocupe a presidencia da entidade ou quen teña delegadas as súas funcións.
- Quen ocupe a secretaría da entidade.
- Quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería.

6.2.-Estaren ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

6.3.-Non estaren incursas nas causas de incompatibilidade ou de incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren as subvencións da administración pública dispostas no art. 13 da LXS.

6.4.–Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual) que fixeran das actividades ou investimentos subvencionados, tamén na súa páxina web.

Calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas ou calquera información ou materiais de promoción (coma folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) deberán incluír a marca da Deputación integrada polo símbolo e logotipo que o acompaña en lugar que destaque adecuadamente.

6.5.–Someterse, na súa condición de quen subscribe a conta, aos procedementos de control que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

6.6.–Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

6.7.–Utilizaren, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros/as que poidan acreditar mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo, etc.) no que quede identificada a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento. Só excepcionalmente poderá utilizarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tócket de aparcadoiro etc.).

O incumprimento desta disposición, para algún gasto, implicará que este gasto se considere “non subvencionable”, de conformidade cos art. 72.2, 75.2 e 89 do RDLXS e en relación cos art. 31.2 e 37 da LXS, sempre que o dito gasto supere o importe de 150,00 €.

6.8.–No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuizamento civil.

6.9.–A entidade beneficiaria da subvención provincial deberá pagar os seus gastos xustificativos antes de que transcorra un mes contado a partir da percepción da subvención. No caso contrario, o dito gasto considerarase como non válido para efectos de xustificación da subvención.

6.10.–Tratándose de asociacións constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito á asociación, deberán contar cun mínimo de 25 membros.

6.11.–Cumprir os requisitos e as obrigas sinaladas no artigo 5 e 6 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Ademais dos requisitos e obrigas de carácter xeral indicadas, as entidades solicitantes de subvención neste programa terán as seguintes:

6.12.–As entidades beneficiarias quedan obrigadas a destinar os bens aos fins concretos para a que foi concedida a subvención durante un período mínimo de cinco anos, no caso de inmobles, ou de dous anos, no caso de bens inventariables.

6.13. As entidades deberán de contar coas licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico artístico e do medio ambiente. No seu caso, as ditas licenzas e autorizacións serán requiridas na xustificación da subvención.

6.14.–As entidades solicitantes procederán á inclusión do logotipo da Deputación nos soportes de difusión das actividades, obras en locais ou soportes de investimentos subvencionados, facendo constar ao seu carón o texto: “Actividade/obra subvencionada pola Deputación da Coruña”.

6.15.–As entidades ostentarán, en lugar visible e na súa páxina web, a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

6.16.–As entidades solicitantes, na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas os perfís da área de cultura da Deputación: @DACCultura no TWITTER e <https://www.facebook.com/daccultura/> no FACEBOOK.

6.17.–As entidades solicitantes deberán ter a súa páxina web oficial en lingua galega e o conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc.) deberán igualmente estar en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

6.18.–No caso de execución de obras en locais, as entidades solicitantes usarán a lingua galega nos elementos de sinalización internos e externos. Toda a sinalética dos espazos e mobiliario dos locais deberá estar en lingua galega, sen

que iso exclúa a posibilidade de o estar tamén noutras linguas. Desde a Área de Cultura da Deputación farase seguimento específico para comprobar o cumprimento desta obriga.

O incumprimento destas obrigas levará parella a perda da subvención.

#### **Base 7.-Solicitud.**

**7.1. Prazo e presentación de solicitudes.**—As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTeL)

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros

Os prazos de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste programa no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

**7.2. Documentación das solicitudes.**—A documentación da solicitude de subvención deberá vir asinada do seguinte xeito:

No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou persoa na que delegue.

No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola presidencia ou persoa que represente a entidade

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

7.2.1.—Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento da persoa representante para a relación coa Deputación

7.2.2.—Acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance desta delegación.

7.2.3.—Declaración de estar legalmente constituída antes de presentar a solicitude, de dispor de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.

7.2.4.—Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar o pagamento.

7.2.5.—Declaración de non estaren incursas a persoa representante e a entidade nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións das administracións públicas, segundo o disposto na lexislación de carácter xeral.

7.2.6.—Solicitude de autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial do investimento subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade(segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei Xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta Lei aprobado por RD 887/20016, do 21 de xullo)

7.2.7.—No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.

Ademais da documentación de carácter xeral indicada, as entidades solicitantes neste programa terán que achegar a seguinte:

**7.2.8.-Dossier explicativo da natureza e traxectoria da entidade solicitante** (terase en conta para a súa redacción os elementos de baremo que se recollen na base 8 desta convocatoria.)

#### **A) Tipo de entidade** (marcar unicamente unha opción):

- Entidades de natureza cultural (asociacións culturais e entidades que teñan o seu carácter cultural debidamente acreditado nos seus estatutos).
- Entidades de natureza veciñal (asociacións de veciñas e veciños, asociacións xuvenís, asociacións de mulleres rurais...).
- Entidades de natureza educativa (ANPAS de centros educativos públicos, asociacións sociopedagóxicas).
- Entidades de natureza social e asistencial (entidades que realizan o seu labor de xeito prioritario no campo dos servizos sociais).

#### **B) Traxectoria, recursos e base social da entidade:**

- Ano de fundación.
- Número de anos en funcionamento.
- Número de persoas asociadas.

- A entidade conta ou non con local en propiedade ou alugueiro.

**C) Natureza sociocultural, diversificación e liñas de traballo da entidade, indicando o seguinte:**

- As principais liñas de acción da entidade.
- A relación dos grupos de traballo internos, caso de existiren.
- Relación e descrición breve dos proxectos máis relevantes realizados no último ano.

**D) Ferramentas de difusión, impacto social e acceso aberto ao traballo da entidade:**

- Indicación da páxina web e dos perfís en redes sociais.
- Informe de medios das actividades realizadas no ano anterior.
- Relación das publicacións periódicas (boletín, revista, etc.) da entidade.
- Explicación da política da entidade en relación co acceso público aos seus traballos, memorias, proxectos, etc (traballo en código aberto).

**7.2.9.-Dossier específico para valoración de cada modalidade.**

Non se terán en conta para o baremo aqueles aspectos non acreditados ou informados debidamente pola entidade solicitante no dossier correspondente.

**7.2.10.-Memoria explicativa do investimento para o que solicita a subvención, que conterá como mínimo os seguintes aspectos:**

- Descrición do investimento que se vai realizar, para os efectos de comprobar que é subvencionable nesta convocatoria segundo o disposto na base 3.
- Xustificación argumentativa do interese do investimento para o desenvolvemento das actividades culturais da entidade e da súa repercusión na comunidade usuaria (número de entidades diferentes ás que beneficia, impacto na veciñanza, etc.). As actividades para as que se utilice o investimento obxecto da solicitude non poderán ser actividades excluídas dentro do programa FO203.

**7.2.11.-Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente, nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.**

**7.2.12.-No caso de obras:**

- Resumo do orzamento de execución por capítulos ou memoria valorada, aínda que unha vez concedida a axuda, de ser legalmente necesario, requirirase para xustificar, a achega do proxecto técnico.
- No caso de solicitar a axuda para unha fase da obra, definirase a fase no informe técnico e garantirase que é susceptible de utilización independente e a posibilidade de continuidade da obra por contar con financiamento.
- Declaración de ter acreditada a propiedade ou dereito real que se posúa sobre o ben inmovible(propiedade, arrendamento, cesión de uso, etc.,con indicación do prazo de vixencia) e, no seu caso, declaración de ter autorización do propietario para a realización das obras.
- Compromiso de obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio.

**7.2.13.-Compromiso de manter a adscrición do ben ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de inmoables ou de dous anos no caso de bens inventariables.**

**7.2.14.-Compromiso, cando corresponda, de inscribir o ben no rexistro público correspondente, con indicación da subvención obtida e do período de adscrición do dito ben ás fins previstas.**

**7.2.15.-Orzamento estimado dos gastos derivados da realización do investimento, desagregado por conceptos.**

**7.2.16.-Importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos.**

**7.2.17.-Declaración doutras subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.**

**7.2.18.-Certificación do número de persoas asociadas.**

**7.2.19.-Declaración da disposición gratuíta do seu local a outras entidades.**

**7.2.20.-Declaración da utilización da lingua galega na realización do proxecto.**

No caso de que se solicite a autorización para concertar a execución total ou parcial do investimento con persoas xurídicas vinculadas, deberán cumprirse os requisitos establecidos no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e art. 68 do Regulamento, RD 887/06, do 21 de xullo). Tamén deberán indicar a epígrafe na que está inscrita no IAE e achegar a documentación de constitución da entidade para comprobar o seu obxecto social.

A entidade deberá completar todos os apartados das plantillas da memoria ou dossier/es, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para o baremo aqueles aspectos non acreditados ou informados debidamente pola entidade solicitante.

Poderase requirir a entidade para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

#### **Base 8.-Resolución.**

**8.1. Valoración das solicitudes.**—A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria.

##### **8.1.1. CONCEPTOS DE VALORACIÓN COMÚNS ÁS CATRO MODALIDADES:**

**1. Coeficiente de financiamento derivado da solicitude:** ata 10 puntos.

**2. Traxectoria, recursos e base social da entidade:** ata 20 puntos.

- Menos de 5 anos de actividade continuada, 2 puntos.

- Entre 5 e 10 anos de actividade continuada, 3 puntos

- Máis de 10 anos de actividade continuada, 5 puntos.

- Entre 26 e 50 persoas asociadas, 2,5 puntos.

- Entre 51 e 100 persoas asociadas, 5 puntos.

- Entre 101 e 150 persoas asociadas, 7,5 puntos.

- Máis de 151 persoas asociadas: 10 puntos.

- A entidade conta con local en propiedade ou en alugueiro, 2 puntos.

- A entidade pon o seu local (en propiedade ou alugueiro) a disposición doutras entidades de forma gratuíta, 3 puntos.

**3. Ferramentas de difusión, impacto social e acceso aberto ao traballo da entidade:** ata 20 puntos.

- A entidade conta con páxina web e perfís de redes sociais actualizados para a difusión e recollida de toda a actividade realizada: ata 5 puntos. 2 punto se a entidade conta con páxina web propia, 3 puntos se ademais a web usa o dominio.gal. 1 punto por cada perfil en redes sociais. Indicarase o enlace á web e aos perfís. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

- A entidade presenta un documento PDF coa relación de ligazóns ou referencias á presenza en medios de comunicación acadada no ano anterior: ata 5 puntos. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

- A entidade conta con algún tipo de publicación periódica (revista, boletín, etc.) en formato físico: 5 puntos. A entidade presentará un documento PDF que acredite este particular, coa reprodución das portadas e índices das publicacións. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

- A entidade comparte ou permite o acceso público, a través da súa web, ás memorias dos proxectos e iniciativas, materiais editados, etc.: 5 puntos. Indicarase o enlace directo ao apartado da web en que figure esta documentación. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

**4. Interese do investimento presentado, valorado por unha comisión técnica de persoas expertas no ámbito cultural e alleas á Deputación:** ata 30 puntos.

Valoraranse os seguintes aspectos:

A. A necesidade e contribución real do investimento presentado para o mellor desenvolvemento das actividades da entidade.

B. A valoración do impacto e do número de persoas beneficiarias -directa e indirectamente- do investimento presentado, incluíndo a vida útil ou tempo de aproveitamento deste.

A Comisión técnica, no informe técnico correspondente, valorará os puntos A e B, derivados do documento (Memoria explicativa do investimento para o que se solicita a subvención), mais igualmente terá en conta a información que cada entidade traslada no documento 1 (dossier explicativo da natureza e traxectoria da entidade solicitante). Do mesmo xeito, na súa valoración a Comisión terá en conta criterios comparativos en función do tipo de entidade (cultural, veciñal, educativa ou social/asistencial).

##### **8.1.2. CONCEPTOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS DE CADA MODALIDADE.**

###### **MODALIDADE A. Entidades de natureza cultural.**

- Natureza sociocultural, diversificación e estabilidade das liñas de traballo da entidade: ata 20 puntos.

- A entidade conta con grupo estábel de persoas no campo das artes escénicas ou musicais (exemplos: grupo de teatro, grupo coral, formación musical...), 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- A entidade edita unha publicación periódica e/ou conta con grupo estábel de persoas no campo da lectura, o libro e/ou a edición (exemplos: edición de libros, revistas, funcionamento de club de lectura, organización de obradoiros de escrita literaria...), 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado. Non se contabilizarán neste apartado a publicación de folletos, programas ou elementos de difusión de actividades.
- A entidade conta con grupo estábel de persoas no campo da imaxe, as artes plásticas e o audiovisual (exemplos: a entidade conta con espazo e programación expositiva habitual, con grupo estábel de creación audiovisual, artístico e/ou fotográfico...), 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- A entidade conta con grupo estábel de persoas no campo do patrimonio material e/ou inmaterial (exemplos: grupo estábel de divulgación patrimonial, con rutas ou visitas guiadas habituais...), 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- A entidade conta con grupo estábel de persoas no campo do pensamento, a historia e o debate social (exemplos: grupo de recuperación da memoria local, grupo de debate e equivalentes), 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

#### **MODALIDADE B. Entidades de natureza veciñal.**

- Natureza sociocultural, diversificación e estabilidade das liñas de traballo da entidade: ata 20 puntos.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior relacionadas coa recuperación da identidade e da memoria veciñal e/ou coa información e difusión de contidos relacionados directamente coa veciñanza, a través de publicacións, revistas, libros, exposicións, contidos audiovisuais, soportes dixitais, etc.: 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior que tiveron en conta a perspectiva de xénero, o apoio á normalización social da lingua galega, o respecto ao entorno e coñecemento e valoración do medio ambiente e o patrimonio natural ou a atención e apoio á integración de persoas con dificultades: 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior centrados na mellora da convivencia veciñal, as relacións interxeracionais e no fortalecemento da relación, colaboración e integración da veciñanza: 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de actividades de fomento do debate e/ou a participación social da veciñanza no ano anterior, a través de debates, foros, mesas redondas, etc.: 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- A entidade solicitante acredita a xestión directa dalgún espazo ou recurso de uso e interese social e accesible ao conxunto da veciñanza. 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

#### **MODALIDADE C. Entidades de natureza socioeducativa.**

- Natureza sociocultural, diversificación e estabilidade das liñas de traballo da entidade e do proxecto para o que se solicita apoio: ata 20 puntos.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior que incluíron estratexias dirixidas a persoas en situación de especial vulnerabilidade social e/ou educativa. 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.



- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior que tiveron en conta a perspectiva de xénero: 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior que tiveron en conta o apoio á diversidade cultural e á normalización social da lingua galega. 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior que abordaron o coñecemento e valoración do medio ambiente, o patrimonio natural e o respecto e coñecemento do contorno. 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de actividades formativas no ámbito sociopedagóxico no ano anterior dirixidas á formación do profesorado. 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

#### **MODALIDADE D. Entidades de natureza social e/ou asistencial.**

- Natureza sociocultural, diversificación e estabilidade das liñas de traballo da entidade e do proxecto para o que se solicita apoio: ata 20 puntos.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior centrados no ámbito da inclusión social e no apoio a persoas e colectivos en risco de exclusión. 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- A entidade solicitante acredita que no desenvolvemento dos seus proxectos e actividades no ano anterior tivo en conta a perspectiva de xénero, a normalización social da lingua galega, o respecto á diversidade cultural, lingüística, relixiosa ou afectivo-sexual ou o coñecemento e valoración do medio ambiente e do patrimonio natural. 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior cuxa finalidade principal fose o apoio na atención a persoas e familiares destas afectadas por unha discapacidade física, intelectual ou sensorial; unha enfermidade mental, neurolóxica, dexenerativa ou unha enfermidade crónica, incluíndo as “enfermidades raras”. 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior centrados na sensibilización social nos ámbitos das actitudes cívicas, os valores democráticos e o respecto aos dereitos humanos. 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.
- A entidade solicitante acredita o desenvolvemento de proxectos e actividades no ano anterior centrados no desenvolvemento socioeconómico do territorio. 4 puntos. Demostrarase a través da presentación en PDF dun dossier específico: que inclúa información clara e contrastable para poder comprobar a súa existencia. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

**8.2. Concesión.**—A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución da presidencia.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas crearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito cultural obxecto de esta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

A unidade que tramita o expediente, á vista da documentación que consta neste, formulará un informe proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposta será fiscalizado.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles a interesadas/os na forma prevista na convocatoria. Concederáselles un prazo de 10 días hábiles para presentaren, se é o caso, a desistencia da solicitude, a reformulación ou as alegacións que consideren oportunas.

No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tacitamente.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas distintas ás aducidas polos interesados. Neste caso, a resolución de concesión provisional adoptada terá o carácter de definitiva.

No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Deputación mentres non se notifique a resolución definitiva de concesión.

8.3.–Reformulación de solicitudes: Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención.

#### **8.4. Cambios de obxecto:**

Neste programa de subvencións non se admitirán cambios de obxecto.

#### **Base 9.–Xustificación e pagamento.**

##### **9.1. Prazo de xustificación.**

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de marzo de 2021, ás 14:00 horas.

##### **9.2. Consideracións xerais.**

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos; serán gastos subvencionables os que resulten imputables contablemente a algún dos conceptos fixados no orzamento tomado en consideración no acto da concesión da subvención.

A cantidade para xustificar será o importe da subvención concedida dividido entre o coeficiente de financiamento fixado na resolución de concesión.

No caso de ter outras subvencións, ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención da Deputación da Coruña, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo do investimento realizado pola entidade beneficiaria.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

##### **9.3. Documentación xustificativa.**

A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou persoa na que delegue.
- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola presidencia ou persoa que represente a entidade
- Nos caso das certificacións de gastos e ingresos, quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

9.3.1.–Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación dos investimentos realizados.

Ademais deberá indicar as actividades culturais realizadas pola entidade e que están directamente relacionadas co investimento obxecto desta subvención. Estas actividades non poden ser actividades culturais excluídas da convocatoria de subvención do Programa FO203.

9.3.2.–Certificación dos gastos realizados. Este documento deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva.

Deberase ter en conta o seguinte:

Unicamente se admitirán xustificantes de gastos correspondentes a investimentos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.

No caso de entidades que teñan concedida a prórroga da xustificación, na relación de gastos realizados poderán incluírse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2020, con data límite do 15 de abril de 2021.

No caso de proxectos subvencionados en anos sucesivos, presentarase unha declaración de que os xustificantes que se achegan son distintos dos xa presentados en exercicios anteriores

Non obstante, naqueles casos nos que os gastos fosen realizadas no final do período da convocatoria de subvencións poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2021.

9.3.3.–Tres ofertas de distintos provedores cando o gasto fora superior a 15.000 € (IVE excluído) pola adquisición de equipamento ou 40.000 € (IVE excluído) pola realización de obras.

9.3.4.–Relación detallada de todos os ingresos concedidos por outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados ao investimento subvencionado, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. Este documento deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva.

9.3.5.–Unha declaración do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera sobre os investimentos e as actividades culturais directamente relacionadas co investimento subvencionado.

9.3.6.–Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.

9.3.7.–Declaración do acordo de aprobación da factura polo órgano competente da entidade beneficiaria.

9.3.8.–A entidade indicará se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.

9.3.9.–Acreditación da inclusión do logotipo da Deputación e uso da lingua galega nos soportes de difusión das actividades culturais realizadas e da obriga de incluír en lugar visible e na súa páxina web a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

Ademais da documentación anterior, e segundo a natureza do investimento, deberán achegar a seguinte documentación:

– **No caso de equipamento:**

- \* Certificación da súa recepción, detallando os bens adquiridos e indicando que se incluíron no inventario da entidade.
- \* Facturas do investimento

– **No caso de obras:**

- \* Autorizacións ou licenzas preceptivas, no seu caso.
- \* Proxecto técnico ou memoria valorada cando as normas específicas o requiran.
- \* Certificacións de obra subscrita por técnico colexiado competente, no suposto de obra maior.
- \* Acta de recepción, identificando as obras realizadas.
- \* Facturas do investimento.
- \* Fotografía do investimento.

**9.4. Tramitación da xustificación.**–Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada na base anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo dos informes previos da unidade xestora despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento dos investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase ao pagamento da subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

- \* No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- \* No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, mais do 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- \* No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda; pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedido, ditándose resolución de perda do dereito ao cobro.

A Deputación da Coruña poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

**9.5. Prazo de pagamento.**—O pagamento terá que realizarse no prazo máximo de dous meses desde que a entidade local beneficiaria presentara completamente a documentación xustificativa. No caso de que non se cumpla este prazo, a Deputación aboará de oficio os xuros de mora que correspondan.

**Base 10.—Incumprimentos e sancións.**

O procedemento sancionador está regulado no capítulo VI da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

**Base 11.—Publicidade das subvencións concedidas.**

A Deputación Provincial da Coruña publicará as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

A Deputación contará co Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios a que se refire a disposición adicional sexta da Lei de subvencións de Galicia e facilitará á comunidade autónoma a información a que se refire o apartado 3 do artigo 16 da devandita norma.

**Base 12.—Protección de datos persoais.**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>).

**Disposición adicional primeira**

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

**Disposición adicional segunda**

A participación na convocatoria supón a aceptación destas bases reguladoras.

A Coruña, 31 de xaneiro de 2020.

O presidente,

Valentín González Formoso

O secretario,

José Luis Almau Supervía

2020/755